




Área / Unidade EMPRESA PS0001 DPP	Documento 52718100K5	
Código de verificación  1C3Z 5J11 1N1C 4761 16IH	Expediente 527/2024/58	
	Fecha 02-09-2024	

**BASES REGULADORAS DOS PREMIOS ÁS BOAS PRÁCTICAS DAS PEMES POR CONCILIACIÓN,
CORRESPONSABILIDADE E IGUALDADE, ANO 2024**

INTRODUCCIÓN

1. DENOMINACIÓN

De conformidade coas competencias atribuídas a este concello polo art. 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases do réxime local e en aplicación do art. 23 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como as normas de carácter regulamentario que a desenvolven, convócanse premios para o fomento no tecido empresarial do municipio como incentivo á posta en marcha de medidas de conciliación, corresponsabilidade e igualdade dentro das pemes.

2. MARCO NORMATIVO

Esta convocatoria rexerese integramente polas presentes bases e polas seguintes normas:

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- No que resulte de aplicación, a Lei 38/2003, do 27 de novembro, xeral de subvencións, e o seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para a concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos, publicada no BOP núm. 157 do 16 de agosto de 2024.
- Demais regulamentos de desenvolvemento e outras normas concordantes e de pertinente aplicación.

Ademais, serán de aplicación para o establecemento dos premios as que regulan o seu contido, que son:

- Lei 39/1999, do 5 de novembro, para promover a conciliación da vida familiar e laboral das persoas traballadoras.
- Real decreto-lei 6/2019, do 1 de marzo, de medidas urxentes para garantía da igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no emprego e a ocupación, que modifica o Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público.
- Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.
- Real decreto-lei 5/2023, do 28 de xuño, polo que se adoptan e prorrogan determinadas medidas de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra de Ucraína, de apoio á reconstrución da illa da Palma e a outras situacións de vulnerabilidade; de transposición de directivas da Unión Europea en materia de modificacións

estruturais de sociedades mercantís e conciliación da vida familiar e a vida profesional das persoas proxenitoras e coidadoras; e de execución e cumprimento do Dereito da Unión Europea.

- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.
- Real decreto 901/2020, do 13 de outubro, polo que se regulan os plans de igualdade e o seu rexistro e se modifica o Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo.
- Real decreto 902/2020, do 13 de outubro, de igualdade retributiva entre mulleres e homes.

3. CRÉDITO ORZAMENTARIO E FINANCIAMENTO

O importe global das subvencións obxecto desta convocatoria específica é de trinta mil euros (30.000 €), gasto imputable á aplicación orzamentaria 60.433.47911 (Premio Boas Prácticas pemes por conciliación) do orzamento municipal do exercicio en vigor.

Este crédito orzamentario é o límite do importe das subvencións que se poidan conceder.

4. LIÑAS XERAIS DE TRAMITACIÓN

A tramitación será telemática e aplicarase a todas as fases do procedemento, incluíndo as notificacións, comunicacións, requirimentos de documentación e información, así como todo o necesario para tramitar as candidaturas.

CARACTERÍSTICAS DA CONVOCATORIA

5. OBXECTO E FINALIDADE

As presentes bases teñen por obxecto regular a concesión de premios destinados a pemes para o fomento de medidas de conciliación, corresponsabilidade e igualdade como medidas transformadoras da sociedade no seu conxunto, e impulsar cambios reais no ámbito socioeconómico, dando a coñecer as empresas cunha traxectoria destacada na aplicación destas políticas.

O premio ten como finalidade favorecer a igualdade de oportunidades e a conciliación da vida laboral e persoal mediante:

- a) Recoñecemento público do labor das empresas que desenvolven medidas en xestión do tempo, flexibilidade e equilibrio da vida laboral, familiar e persoal.
- b) Recoñecemento público do labor das empresas que desenvolven medidas que teñen como finalidade garantir que as mulleres e os homes poidan participar de forma igualitaria en todas as esferas da vida laboral.
- c) A visibilidade das empresas comprometidas co axuste dos tempos na súa organización e coa igualdade de oportunidades.
- d) Fomento da conciliación, corresponsabilidade e igualdade no ámbito da empresa privada.

6. PERSOAS BENEFICIARIAS, CANDIDATURAS

- a) Empresarios/as individuais definidas para esta convocatoria como persoas físicas traballadoras autónomas que estean de alta no réxime especial de traballadores/as autónomos/as (RETA), en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional.
- b) Micropemes definidas para esta convocatoria como aquelas persoas xurídicas cuxo número medio de persoas traballadoras empregadas durante o exercicio inmediatamente anterior a esta convocatoria sexa inferior ou igual a 10.



Concello da Coruña

- c) Pemes definidas para esta convocatoria como aquelas persoas xurídicas cuxo número medio de persoas traballadoras empregadas durante o exercicio inmediatamente anterior a esta convocatoria sexa maior que 10 ou igual ou inferior a 50.

No caso de persoas xurídicas, deberán estar inscritas no Rexistro Mercantil ou rexistro público correspondente con data anterior á data de finalización do prazo de presentación de candidaturas.

Non poderán optar aos premios entidades sen ánimo de lucro.

Requisitos das persoas beneficiarias

- a) Que radiquen no termo municipal da Coruña. En caso de desenvolver a súa actividade a través de establecemento permanente, que este estea radicado no termo municipal da Coruña. No caso de que para o exercicio da actividade non se dispoña de establecemento permanente, que o seu domicilio fiscal estea dentro do termo municipal da Coruña.
- b) Que estean de alta no RETA ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade do colexio profesional correspondente, que sexan titulares dunha actividade económica e que teñan persoal contratado por conta allea na súa empresa.
- c) Que teñan xustificadas en prazo as subvencións anteriormente concedidas polo Concello da Coruña.
- d) Que se encontren ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa AEAT, coa Seguridade Social e co Concello da Coruña.
- e) Que declaren non ter débedas e/ou salarios atrasados.
- f) Os demais contemplados na Lei xeral de subvencións e demais normas de aplicación.

7. CATEGORÍAS DE PREMIOS

Nesta edición outorgaranse 6 premios, tres en cada categoría, priorizados pola puntuación obtida segundo os criterios sinalados nas bases desta convocatoria.

As empresas solicitantes poderán optar a unha das seguintes categorías ou modalidades:

1. Recoñecemento en materia de igualdade de oportunidades

Nesta modalidade ou recoñecemento premiaranse aqueles proxectos, medidas ou iniciativas que contribúan á procura da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, medidas de carácter innovador que propicien a promoción da igualdade efectiva entre homes e mulleres en todos os ámbitos relacionados coa actividade da empresa.

2. Recoñecemento en materia de conciliación laboral, familiar e persoal

Nesta modalidade ou recoñecemento premiaranse aqueles proxectos, medidas ou iniciativas empresariais para contribuír a mellorar a conciliación laboral, familiar e persoal na empresa que teñan un enfoque destacado na creación de emprego de calidade, tendo en conta un enfoque de responsabilidade social de cara á igualdade no ámbito laboral.

En definitiva, medidas que propicien a conciliación laboral, familiar e persoal, introducindo medidas que faciliten que o seu persoal se poida organizar mellor laboral, familiar e persoalmente, ao tempo que se mellora a organización empresarial.

Ambas as categorías son excluíntes.

8. CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS CANDIDATURAS

Para premiar as empresas nas modalidades descritas con anterioridade, teranse en conta os seguintes criterios:

- a) Segundo o tipo das empresas: máximo 8 puntos
- Empresas individuais: 8 puntos
 - Empresas societarias con consideración de micropeme: 6 puntos
 - Empresas societarias con consideración de peme: 4 puntos
- b) Ter implantado un Plan de igualdade, sen estar obrigada a realizalo: 10 puntos
- c) Dentro de cada categoría, valoraranse os criterios que se indican no cadro: máximo 50 puntos para cada categoría

IGUALDADE DE OPORTUNIDADES	Puntuación máxima
Medidas que apoian a igualdade no acceso e permanencia no emprego	10
Medidas que diminúan a brecha salarial	10
Medidas que melloren as oportunidades de capacitación e desenvolvemento profesional, é dicir a promoción xerárquica e os ascensos de maneira igualitaria para mulleres e homes	10
Medidas de sensibilización e formación en igualdade	10
Medidas de comunicación interna e externa que inclúan o principio de igualdade	10

CONCILIACIÓN LABORAL E FAMILIAR	Puntuación máxima
Medidas de conciliación por encima das esixidas nos textos legais	10
Medidas de flexibilidade no espazo e no tempo: flexibilidade horaria, teletraballo, xuntanzas...	10
Medidas de fomento, sensibilización e formación en materia de conciliación e corresponsabilidade	10
Recursos e infraestruturas para o coidado de persoas dependentes (menores e maiores)	10
Medidas de apoio á maternidade/paternidade que supoñan unha mellora con respecto ao prescrito pola lexislación vixente	10

Cada criterio valorarase de 0 a 10 puntos atendendo ao número de medidas implantadas que respondan a ese criterio, así como o resultado de aplicación destas na empresa.

Faranse constar na memoria todas as cuestións susceptibles de valoración e achegaranse os documentos acreditativos do resultado das medidas implantadas.

9. PROCESO DE SELECCIÓN DAS INICIATIVAS GAÑADORAS

a) Revisión previa de candidaturas, presentación e documentación

O persoal técnico do Departamento de Promoción Económica encargarse de analizar o perfil e a documentación presentada para as candidaturas e realizar un resumo coas características e incidencias de cada unha delas.

No caso de que sexan detectadas deficiencias na documentación anexada, realizaráselle un requirimento á persoa solicitante para a emenda a través da Sede electrónica do Concello da Coruña, e dispoñerá de 10 días



naturais para aceptar a notificación e de 10 días hábiles dende a aceptación para corrixir as deficiencias requiridas. No caso de non emendar nese prazo considérase desistida a candidatura.

b) Comité de Valoración

Os proxectos presentados xunto coa súa documentación e o informe técnico do departamento serán remitidos ao Comité de Valoración que estará conformado por:

- A dirección da Área de Emprego, Comercio e Mercados do Concello da Coruña, ou persoa en quen delegue, que ostentará a presidencia.
- Dúas persoas representantes do persoal técnico do Departamento de Promoción Económica do Concello da Coruña, unha delas ocupará a secretaría.
- Dúas persoas representantes do persoal técnico do Departamento de Igualdade do Concello da Coruña.

O Comité de Valoración reunirse co obxecto de deliberar e poñer en común as puntuacións outorgadas a cada unha das candidaturas presentadas. A suma global das puntuacións establecidas por cada membro do comité para cada candidatura constituirá a puntuación final.

No caso de empate na puntuación entre as candidaturas, efectuarase unha votación de desempate entre as persoas membros do Comité. Se persiste o desempate decidirá o voto de calidade da persoa que exerza a presidencia.

No caso excepcional de que as candidaturas non alcancen o nivel desexado, o Comité de Valoración pode deixar desertos os premios.

O Comité, se resulta necesario, poderá pedir aclaración os candidatos sobre a información e os datos que se fagan constan na Memoria, para o bo desenvolvemento do proceso e, en todo caso, antes de outorgar os premios.

10. CONTÍA DOS PREMIOS

Categoría	Premios	Contía
Igualdade	Primeiro premio	7.000 €
	Segundo premio	5.000 €
	Terceiro premio	3.000 €
Conciliación	Primeiro premio	7.000 €
	Segundo premio	5.000 €
	Terceiro premio	3.000 €

Sobre estas contías realizaranse as retencións tributarias que correspondan (Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas ou o Imposto de Sociedades).

11. ACTO DE ENTREGA DE PREMIOS

As entidades gañadoras daranse a coñecer nun acto de entrega de premios organizado polo Concello da Coruña, a través do Departamento de Promoción Económica.

A concesión de premios realizarase por resolución da Concellería de Emprego, Comercio e Mercados, de conformidade coa proposta da Comisión de Valoración, reflectida na acta redactada na sesión de avaliación de candidaturas.

A dita resolución deberá serlles notificada ás persoas interesadas segundo o establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. O premio considerárase aceptado tras a aceptación da notificación da resolución de concesión.

No suposto excepcional de que as empresas gañadoras renunciásen ao premio, a candidatura seguinte por orde de puntuación pasará a ocupar o seu lugar, e así sucesivamente.

12. COMPROMISOS E OBRIGAS DAS CANDIDATURAS

Son obrigas das candidaturas, sen ánimo de exclusividade, as seguintes:

- a) Cumprir todos os requisitos indicados nestas bases.
- b) Someterse ás actuacións de comprobación que poida efectuar o Concello da Coruña e facilitar os datos que se lles requiran en relación coa concesión do premio.
- c) Comunicar modificacións que afecten á candidatura inicial presentada.
- d) Entregar no Concello da Coruña, nos prazos previstos, a documentación requirida nas presentes bases.
- e) Prestar consentimento para o tratamento e datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo coa lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.
- f) En caso de resultar premiada a candidatura, difundir nas súas web corporativas o dito premio.

13. PRESENTACIÓN

A mera presentación das candidaturas en tempo e forma supoñerá a aceptación do proceso de valoración e selección.

A presentación da candidatura e documentación realizarase necesariamente de maneira telemática e a través da Sede electrónica do Concello da Coruña, <https://sede.coruna.gal/sede/gl>, a través dunha solicitude xeral facendo mención de “Premios de conciliación, corresponsabilidade e igualdade do Concello da Coruña”.

a) Prazo de presentación

O prazo de presentación das candidaturas será de dez días hábiles dende o seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

b) Prazo de resolución e concesión

O prazo máximo de resolución será de 9 meses que se contarán dende o día da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, de acordo co artigo 23.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

14. ACEPTACIÓN DAS BASES E PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De conformidade coa normativa vixente en materia de protección de datos infórmase de que os datos persoais necesarios serán tratados baixo a responsabilidade do Concello da Coruña co fin de levar a cabo a tramitación administrativa e difusión destes premios.

A lexitimación para o tratamento de datos persoais baséase no cumprimento dunha misión de interese público.

Os seus datos non serán comunicados a terceiras persoas.

Así mesmo, infórmase de que o concello poderá captar imaxes xerais do evento para a súa posterior difusión en páxinas webs e/ou redes sociais da súa propiedade. No caso de que o concello capte imaxes de persoas físicas concretas para o seu posterior tratamento solicitará o consentimento expreso das persoas interesadas conforme



Concello da Coruña

ao disposto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe e no Regulamento (UE) 2016/679, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPd), así como na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD).

Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos, ademais dos períodos establecidos na normativa de arquivos e documentación.

Poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, oposición, supresión, limitación do tratamento así como á portabilidade de datos, presentando un escrito no Rexistro de Entrada do Concello: praza de María Pita, 1. 15001, A Coruña ou, na seguinte ligazón <https://www.coruna.gal/web/es/detalle/ejercicio-de-derechos-sobre-los-datos-de-caracter-personal/contenido/1453762232714>. Se é o caso, poderase poñer en contacto coa Persoa Delegada de Protección de Datos, a través do correo electrónico delegadodeprotecciondedatos@coruna.gal ou, se fose o caso, fronte á Axencia Española de Protección de Datos a través da páxina web www.aepd.es

Pode consultar a información adicional detallada sobre o tratamento dos seus datos na seguinte ligazón: <https://www.coruna.gal/web/es/rgpd>

DOCUMENTACIÓN

15. DOCUMENTACIÓN DA CANDIDATURA

PRESENTO (marque cun X):

- Copia do NIF/NIE en vigor da persoa solicitante
- Certificado de situación censual emitido pola AEAT actualizado do/a empresario/a individual ou, de ser o caso, da sociedade.
- Documentación sobre a constitución legal da sociedade (escritura de constitución ou pacto debidamente inscrito no Rexistro Mercantil, se for o caso), e modificacións posteriores, se as houbese.
- Copia do NIF/NIE en vigor de quen ostenta a representación legal da sociedade.
- Solicitude xeral
- Folla de solicitude, Anexo I
- Memoria segundo o Anexo II
- Outros documentos de interese.....

AUTORIZO:

- Autorizo á consulta dos datos que consten nas bases ou ficheiros do Concello da Coruña, así como a obter de forma directa os certificados acreditativos de que a persoa/sociedade beneficiaria está ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, coa Seguridade Social e co Concello da Coruña, coa finalidade de realizar a tramitación, o recoñecemento, o seguimento e o control desta solicitude.
- Opóñoome á consulta dos datos anteriores e achego os certificados acreditativos de estar ao corrente nas obrigas tributarias coa AEAT, fronte á Seguridade Social e co Concello da Coruña.

DECLARO:

- Non ter débedas e/ou salarios atrasados.
- Non estar incurso en ningún dos supostos de prohibición que para ser beneficiarias se establece no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Ten xustificadas as subvencións anteriormente concedidas polo Concello da Coruña.
- Cumpre cos requisitos legais para a consideración de persoa beneficiaria conforme aos esixidos nesta convocatoria.
- Ten actividade empresarial ou profesional no municipio da Coruña.
- No caso de non cumprir algún dos requisitos esixidos nesta convocatoria, comprométome a reintegrar a cantidade indebidamente obtida.

Todos os datos que inclúe a memoria, Anexo I, son certos e fidedignos.

Para a súa tranquilidade e seguridade informámolo/a de que, de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, pola que se adapta o ordenamento xurídico español ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e o Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación destes datos, os datos de carácter persoal que se obteñan da súa solicitude pasarán a formar parte do ficheiro automatizado de datos de carácter persoal OPENCERT, cuxa titularidade e responsabilidade lle corresponde ao Concello da Coruña, con domicilio na praza de María Pita, núm. 1.

Este ficheiro ten como finalidade a xestión da información administrativa necesaria para a tramitación dos procedementos correspondentes. A firma deste documento implica que a persoa solicitante resulta informada e dá o consentimento para o tratamento dos seus datos coa finalidade mencionada, para cada caso concreto.

En virtude da referida Lei orgánica 3/2018, a persoa solicitante ou, se é o caso, o seu representante legal, poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición dos datos, dirixíndose ao Concello da Coruña, praza de María Pita, núm. 1. Tel.: 981 184 200.

BASES FINAIS

16. INFORMACIÓN DAS EMPRESAS INTERESADAS

Sobre o procedemento administrativo correspondente a esta convocatoria, poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Sede electrónica do Concello da Coruña: <https://sede.coruna.gob.es>, e no departamento de Promoción Económica sito no centro de empresas ACCEDE PAPAGAIO praza de Papagaio s/n, CP 15002, A Coruña, de forma presencial ou nos teléfonos 981 189887 a través da páxina web oficial municipal: <https://www.coruna.es> e na dirección electrónica empresa coruna.gal.

17. PUBLICIDADE DAS SUBVENCIONES NO PORTAL DE TRANSPARENCIA

De conformidade co artigo 8.1 c) da Lei 9/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as subvencións e axudas públicas concedidas con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios será obxecto de publicación no Portal da Transparencia do Concello da Coruña <http://www.coruna.gal/transparencia/es/claridad-en-a-gestion/subvencions-e-axudas>.

A Coruña, de..... de..... de 2024

Sinatura da persoa solicitante



ANEXO I : SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN EN PREMIOS DE CONCILIACIÓN - IGUALDADE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE:			
Nome e apelidos/razón social:		NIF/NIE:	
Nome e apelidos (do/a representante legal, de ser o caso)::		NIF/NIE:	
DATOS DE CONTACTO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:			
Domicilio:			
Localidade:		Provincia:	Cód. postal:
Tel. 1:	Tel. 2:	Correo electrónico:	
DATOS DAS PERSOAS PROMOTORAS/SOCIAS:			
Nome e apelidos:		NIF/NIE:	
Nome e apelidos:		NIF/NIE:	
Nome e apelidos:		NIF/NIE:	
Nome e apelidos:		NIF/NIE:	
DATOS DA EMPRESA/PROXECTO:			
Breve descrición da actividade (incluír postos de traballo desagregados por sexo e postos que ocupan as persoas promotoras e traballadoras) :			
Data de inicio da actividade (alta censual):: dd/mm/aaaa		Epígrafe IAE da actividade principal:	

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA a esta solicitude:

PRESENTO (marque cun X):

- Copia do NIF/NIE en vigor da persoa solicitante
- Certificado de situación censual emitido pola AEAT actualizado do/a empresario/a individual ou, se fose o caso, da sociedade.
- Documentación sobre a constitución legal da sociedade (escritura de constitución ou pacto debidamente inscrito no Rexistro Mercantil, se for o caso), e modificacións posteriores, se as houberse.
- Copia do NIF/NIE en vigor de quen ostenta a representación legal da sociedade
- Solicitude xeral
- Folla de solicitude, Anexo I
- Memoria segundo o Anexo II
- Outros documentos de interese

AUTORIZO:

- Autorizo á consulta dos datos que consten nas bases ou ficheiros do Concello da Coruña, así como a obter de forma directa os certificados acreditativos de que a persoa/sociedade beneficiaria está ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, coa Seguridade Social e co Concello da Coruña, coa finalidade de realizar a tramitación, o recoñecemento, o seguimento e o control desta solicitude.
- Opóñoome á consulta dos datos anteriores e achego os certificados acreditativos de estar ao corrente nas obrigas tributarias coa AEAT, fronte á Seguridade Social e co Concello da Coruña.

DECLARO:

- Non ter débedas e/ou salarios atrasados.
- Non estar incurso en ningún dos supostos de prohibición que para ser beneficiarias se establece no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Ten xustificadas as subvencións anteriormente concedidas polo Concello da Coruña.
- Cumpre cos requisitos legais para a consideración de persoa beneficiaria conforme aos esixidos nesta convocatoria.
- Ten actividade empresarial ou profesional no municipio da Coruña.
- No caso de non cumprir algún dos requisitos esixidos nesta convocatoria, comprométome a reintegrar a cantidade indebidamente obtida.
- Todos os datos que inclúe a memoria, Anexo I, son certos e fidedignos.

Para a súa tranquilidade e seguridade informámolo/a de que, de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, pola que se adapta o ordenamento xurídico español ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e o Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación destes datos, os datos de carácter persoal que se obteñan da súa solicitude pasarán a formar parte do ficheiro automatizado de datos de carácter persoal OPENCERT, cuxa titularidade e responsabilidade lle corresponde ao Concello da Coruña, con domicilio na praza de María Pita, núm. 1.

Este ficheiro ten como finalidade a xestión da información administrativa necesaria para a tramitación dos procedementos correspondentes. A firma deste documento implica que a persoa solicitante resulta informada e dá o consentimento para o tratamento dos seus datos coa finalidade mencionada, para cada caso concreto.

En virtude da referida Lei orgánica 3/2018, a persoa solicitante ou, se é o caso, o seu representante legal, poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición dos datos, dirixíndose ao Concello da Coruña, praza de María Pita, núm. 1. Tel.: 981 184 200.

A Coruña, de..... de 2024

Sinatura da persoa solicitante



Concello da Coruña

Departamento de Promoción Económica

ANEXO II: MEMORIA DE PARTICIPACIÓN EN PREMIOS DE CONCILIACIÓN - IGUALDADE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE:			
Nome e apelidos/razón social:		NIF/NIE:	
Nome e apelidos (do/a representante legal, de ser o caso)::		NIF/NIE:	
DATOS DE CONTACTO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:			
Domicilio:			
Localidade:		Provincia:	Cód. postal:
Tel. 1:	Tel. 2:	Correo electrónico:	
DATOS DAS PERSOAS PROMOTORAS/SOCIAS:			
Nome e apelidos:		NIF/NIE:	
Nome e apelidos:		NIF/NIE:	
Nome e apelidos:		NIF/NIE:	
Nome e apelidos:		NIF/NIE:	
DATOS DA EMPRESA/PROXECTO:			
Descrición da actividade (incluír postos de traballo desagregados por sexo e postos que ocupan as persoas promotoras e traballadoras) :			
Data de inicio da actividade (alta censual):: dd/mm/aaaa		Epígrafe IAE da actividade principal:	
Número de persoas promotoras socias:		Número de persoas empregadas por conta allea:	
Implantado o plan de igualdade sen obriga:			
CATEGORÍA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES			
Medidas que apoian a igualdade no acceso e permanencia no emprego			:
Descrición:			
Medidas que diminúan a brecha salarial			

Descrición:	
Medidas que melloren as oportunidades de capacitación e desenvolvemento profesional, é dicir a promoción xerárquica e os ascensos de maneira igualitaria para mulleres e homes	:
Descrición:	
Medidas de sensibilización e formación en igualdade	:
Descrición:	
Medidas de comunicación interna e externa que inclúan o principio de igualdade	:
Descrición:	

CATEGORÍA CONCILIACIÓN LABORAL E FAMILIAR	
Medidas de conciliación por encima das esixidas legalmente	:
Descrición:	
Medidas de flexibilidade no espazo e o tempo: flexibilidade horaria, teletraballo, xuntanzas...	:
Descrición:	



Concello da Coruña

Medidas de fomento, sensibilización e formación en materia de conciliación e corresponsabilidade	:
Descrición:	
Recursos e infraestruturas para o coidado de persoas dependentes (menores e maiores)	:
Descrición:	
Medidas de apoio á maternidade/paternidade que melloren a lexislación vixente	:
Descrición:	

Para a súa tranquilidade e seguridade informámolo/a de que, de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, pola que se adapta o ordenamento xurídico español ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e o Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación destes datos, os datos de carácter persoal que se obteñan da súa solicitude pasarán a formar parte do ficheiro automatizado de datos de carácter persoal OPENCERT, cuxa titularidade e responsabilidade lle corresponde ao Concello da Coruña, con domicilio na praza de María Pita, núm. 1.

Este ficheiro ten como finalidade a xestión da información administrativa necesaria para a tramitación dos procedementos correspondentes. A firma deste documento implica que a persoa solicitante resulta informada e dá o consentimento para o tratamento dos seus datos coa finalidade mencionada, para cada caso concreto.

En virtude da referida Lei orgánica 3/2018, a persoa solicitante ou, se é o caso, o seu representante legal, poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición dos datos, dirixíndose ao Concello da Coruña, praza de María Pita, núm. 1. Tel.: 981 184 200.

A Coruña, de..... de 2024

Sinatura da persoa solicitante